

RESOLUCIÓN REITORAL DO 3 DE XULLO DE 2015 POLA QUE SE ESTABLECE O PREZO DE MATRÍCULA, NO CURSO 2015/2016, PARA O ALUMNADO ESTRANXEIRO MAIOR DE DEZAOITO ANOS, QUE NON TEÑA A CONDICIÓ DE RESIDENTE, EXCLUÍDOS/AS OS/AS NACIONAIS DE ESTADOS MEMBROS DA UNIÓN EUROPEA E AQUELES/AS A QUEEN SEXA DE APLICACIÓN O RÉXIME COMUNITARIO, TANTO EN GRAO COMO EN MÁSTER.

De acordo co establecido no decreto 90/2015, polo que se fixan os prezos correspondentes aos estudos conducentes á obtención de títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional no ensino universitario para o curso 2015/2016 (en adiante decreto de taxas), no seu artigo 2.5. compre que cada universidade do sistema universitario galego fixe un prezo, para o alumnado o que se refire esta resolución, que oscilará entre o 25% e o 100% do custo de referencia para cada un dos epígrafes da tarifa primeira do anexo do decreto.

O custo de referencia quedou establecido no artigo 2.1. do Decreto 154/2012, polo que se fixaban os prezos de matrícula no curso 2012/2013, en 5.170,00 euros para as titulacións encadradas na epígrafe A) do anexo do decreto, e 3.650,00 euros para as titulacións encadradas na epígrafe B) do dito anexo.

Vista a *Estratexia de Internacionalización da Universidade de Vigo*, aprobada por Consello de Goberno, que pretende, entre outros obxectivos, a mellora dos procesos de captación dos estudantes estranxeiros.

Dados os compromisos xa acadados co alumnado estranxeiro, en canto á información proporcionada para solicitudes de preadmisión e cara á xestión de bolsas, visados, divisas e outros documentos necesarios para a súa incorporación a estudos de grao e máster ofertados por esta universidade.

Tendo en conta a potencial perda de alumnos en moitos másteres, que poderían ver comprometida a obtención do número mínimo de estudantes para que poidan ser impartidos.

Esta Reitoría

RESOLVE

Establecer para o alumnado estranxeiro maior de dezoito anos, que non teña a condición de residente, excluídos/as os/as nacionais de estados membros da Unión Europea e aqueles/as a quen sexa de aplicación o réxime comunitario, tanto en grao como en máster, para o curso 2015/2016, un prezo de matrícula equivalente aos establecidos para cada un dos epígrafes da tarifa primeira do anexo do decreto de taxas, incrementado nun 25%. Exceptúanse deste incremento os prezos contemplados no apartado 5 da tarifa primeira.

Dito incremento atopase dentro do intervalo establecido no artigo 2.5. do decreto de taxas para o curso 2015/2016, é dicir, entre o 25% e o 100% do custo de referencia, ao que se refire o parágrafo segundo desta resolución.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade coa Lei da xurisdición contencioso administrativa, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante, e de acordo cos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, poderán, previamente, interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes, tamén a contar dende o día seguinte á súa publicación, perante este órgano.

Vigo, 3 de xullo de 2015



Salustiano Mato de la Iglesia

VICERREITORA DE ORGANIZACIÓN ACADÉMICA E PROFESORADO
VICERREITORA DE ESTUDANTES
VICERREITOR DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA E RELACIÓNS INTERNACIONAIS
SECRETARIA XERAL
XERENTE
DECANAS E DECANOS E DIRECTORAS E DIRECTORES DE TODOS OS CENTROS
XEFA DO SERVIZO DE ALUMNADO
XEFE DO SERVIZO DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA
XEFE DO SERVIZO DE CONTROL INTERNO
XEFE DOS SERVIZOS INFORMÁTICOS DE XESTIÓN
DIRECTORA DE ÁREA DE XESTIÓN ACADÉMICA
ADMINISTRADORAS E ADMINISTRADORES DE CENTROS
XEFA DA SECCIÓN DE ADMISIÓN E XESTIÓN DE ALUMNOS
XEFA DA SECCIÓN DE TÍTULOS E PLANS DE ESTUDO
XEFA DA SECCIÓN DE BOLSAS
XEFE DA SECCIÓN DE POSGRAO E FORMACIÓN CONTINUA
XEFAS E XEFES DE ADMINISTRACIÓN OU ÁREA ACADÉMICA DE TODOS OS CENTROS
RESPONSABLES DOS REXISTROS
XEFAS E XEFES DAS ÁREAS DE SERVIZOS Á COMUNIDADE
XEFA DO NEGOCIADO DE INFORMACIÓN XERAL